

**CORRECCIÓN DE ERROS  
NA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A MOBILIDADE DO PERSOAL  
DOCENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO MARCO DO PROGRAMA  
ERASMUS+ (STA)**

Advertido un erro no punto 3.3 da Convocatoria de bolsas para a mobilidade do persoal docente da UDC no marco do programa Erasmus + (STA), a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación procede á seguinte rectificación:

Onde di:

Aínda que non é un requisito obrigatorio, o Programa Erasmus+ recomenda a todos os participantes contrataren unha póliza de seguro sanitaria e de accidentes que dea cobertura a posibles sinistros durante a mobilidade. Para o efecto de cubrir posibles urxencias de saúde, recoméndase viaxar coa tarxeta sanitaria europea, instrumento básico e gratuíto para todo o persoal da UDC.

Debe dicir:

De acordo co convenio de subvención asinado pola Universidade da Coruña co Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) no marco do Programa Erasmus +, o beneficiario asegurarse de que os participantes en actividades de mobilidade no estranxeiro contén cunha cobertura de seguro.

Por iso, o beneficiario dunha bolsa Erasmus + ten que presentar **obrigatoriamente antes do inicio da súa mobilidade** copia dunha **póliza de seguro sanitaria** con cobertura durante o período de mobilidade. A Tarxeta Sanitaria Europea é válida para cubrir este tipo de cobertura e pódese solicitar en liña no seguinte enlace: <https://w6.seg-social.es/solTse/jsp/Entrada.jsp>

Os demais termos da convocatoria non varían.

Para máis información

Casa do Lagar  
Campus de Elviña  
Tel: 981 167000 (ext. 1956)  
Correo electrónico: [iro@udc.es](mailto:iro@udc.es)

O reitor  
Julio E. Abalde Alonso